

O TOLLEITO

DE INISHMAAN

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Anos 30. Personaxes curiosas, pintorescas, características... Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo física e humanamente isolado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles un tolleito, un ser desfavorecido que ten unha arela que para el semella extremadamente difícil: transcender ese ámbito cerrado que está obrigado a habitar; un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.

Un espectáculo de gran formato (8 actores de prestixio, potente escenografía, música emocionante composta para o espectáculo, iluminación atractiva) no que o público se sentirá atrapado polo humor e a tenrura dun teatro tan entrañable, tan noso, coma o irlandés.

Un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.



Un texto de personaxes labrados e brillantes, nos que os actores poden facer alarde do seu oficio e talento.

Un elenco de actores e actrices de gran atractivo pola súa exitosa e constante presenza no teatro e no audiovisual, nunha combinación de profesionais de longa e premiada experiencia con novos e xa recoñecidos valores no mundo da interpretación.



Martin McDonagh

Con pezas tan exitosas como *A rainha de beleza de Leenane*, *O oeste solitario*, *O tolleito de Inishmaan*, *O tenente de Inishmore* ou *O home almofada* Martin McDonagh é o máis celebrado dos dramaturgos irlandeses actuais. Representado polo Royal National Theatre, a Royal Shakespeare Company ou diversos teatros de Broadway, ten recibido numerosos premios en Irlanda, Inglaterra e Estados Unidos. profesional.



Cándido Pazó

Commedia, *Nano*, *García*, *A piragua*, *Memorias dun neno labrego*, *As do peixe*, *A casa do avó* ou *Demolição* son algúns dos numerosos traballos que, como director e/ou autor, levan a firma de Cándido Pazó. Dirixiu espectáculos con Ollomoltranvía, Malbarate, C.D.G., Tanxarina, Talía, Abropalabra e A Escola da Noite de Coimbra e ten recibido varios premios Max e María Casares, así como diversos galardóns pola súa longa e frutífera traxectoria profesional.

Evaristo Calvo



Ana Santos



Ricardo de Barreiro



María Roja



Luis Iglesia



Santi Romay



Marcos Pereiro



Susana Dans

